

**ANEXO I**  
**SOLICITUDE PARA O APOIO ÁS ACTIVIDADES DE DEMOSTRACIÓN E INFORMACIÓN A DESENVOLVER NA ANUALIDADE 2017**

<b>Nº DE PROTOCOLO<sup>1</sup></b>	2017/173
------------------------------------	----------

<b>1.- TÍTULO DA ACTIVIDADE</b>
VI Xornada Técnica Monográfica do Ovino-Caprino en Galicia.

<b>2.- TIPO DE ACTIVIDADE<sup>2</sup></b>
Xornada Técnica

<b>3.- UNIDADE ORGANIZADORA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL</b>
Unidade: INGACAL-CIAM
Enderezo: Estrada Betanzos-Santiago km7
C. Postal: 15318      Concello: Abegondo      Provincia: A Coruña
Nome e apelidos do/a responsable da unidade organizadora: Manuel López Luaces
Cargo: Director do CIAM - xefe de servizo      Tfno.: 881881801      Correo_e: manuel.lopez.luaces@xunta.es

<b>4.- UNIDADES PARTICIPANTES DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL</b>
Unidade: OAC de Castroverde
Enderezo: Rúa da Fonte, 3
C. Postal: 27120      Concello: Castroverde      Provincia: Lugo
Nome e apelidos do/a responsable da unidade: Marta Muiño Sánchez
Cargo: Xefe Sección      Tfno.: 982889211      Correo_e: oac.seca.castroverde@xunta.es

<b>5.- UNIDADES OU ENTIDADES PARTICIPANTES (Que non sexan da Consellería do Medio Rural)</b>
Unidade ou entidade: OVICA
Enderezo: Pazo de Feiras e Congresos de Lugo. Avenida da Fábrica da Luz, s/n.
C. Postal: 27004      Concello: Lugo      Provincia: Lugo
Nome e apelidos do/a responsable da unidade ou entidade: Rafael Tejeda Vázquez
Cargo: Secretario da Asociación Ovica      Tfno.: 687778013      Correo_e: ovica.galicia@gmail.com

<b>6.- CENTRO DE INVESTIGACIÓN OU CENTRO TECNOLÓXICO<sup>3</sup></b>
Centro:
Enderezo:
C. Postal:      Concello:      Provincia:
Nome e apelidos do/a responsable da entidade:
Cargo:      Tfno.:      Correo_e:

<sup>1</sup> A encher polo Servizo de Transferencia Tecnolóxica, Estatísticas e Publicacións

<sup>2</sup> Xornadas técnicas, xornadas de portas abertas, congresos, conferencias, seminarios, talleres de prácticas, viaxes, material divulgativo, campos de ensaio, campos de demostración.

<sup>3</sup> Só no caso de campos de ensaio, nos que é imprescindible asesor científico.

## 7.- ANTECEDENTES E XUSTIFICACIÓN

A Unión Europea é deficitaria na produción de carne de ovino, nos últimos anos, ata o 2015 aínda se reduciu arredor dun 9%, o consumo tamén baixou, tal vez por mor da crise económica. A pesar disto, o conxunto dos países da Unión Europea importa anualmente arredor de 200.000 Tm de carne de cordeiro. Os grandes países produtores a nivel europeo son o Reino Unido e España, sendo tamén importantes Francia, Italia, Grecia e Portugal. Impórtase sobre todo de Nova Zelandia e outros países do hemisferio Sur. España importa arredor de 7.500 Tm/ano, pero tamén exporta parte da súa produción.

O consumo deste tipo de carnes é baixo en Galicia, inferior á media española, aínda así na nosa comunidade só se produce o 26% do que se consume, importando o resto de outras comunidades autónomas españolas, tamén de Reino Unido (Gales) e sobre todo de Nova Zelandia. .

A produción galega rolda os 428.800 kg (kg sacrificados en matadoiros), pero se se ten en conta o censo, e sabendo que non existen grandes fluxos de importación nin de exportación de cordeiro e cabrito vivo, a estimación de produción eleva esta cifra ata máis de 1.400.000 kg. Isto implica que dous terzos da produción non pasan polas canles de sacrificio autorizadas. Por outra parte, o consumo en Galicia, se ben é algo inferior ao do resto do estado, mantíñase no 2012 en 1,64 kg/habitante e ano, cun total de 5.562.080 kg. (MAGRAMA, 2012).

Chegamos á conclusión de que a produción galega apenas cubre unha cuarta parte da súa demanda interna, polo que o apoio á súa produción debe ser unha prioridade, tanto no fomento do consumo de produción propia a través de marcas de garantía como a recentemente creada "Pastores de Galicia" por parte de OVICA. Cómpre articular todo o sector dende a base, dende a produción, co fomento do cooperativismo e da produción reglada polo Regulamento de uso aprobado pola propia Consellería de Medio Rural, como motor de profesionalización de todo o sector de ovino e cabrún en Galicia.

Nesta xornada técnica propóñense charlas en diferentes ámbitos da COMERCIALIZACION de carne de cordeiro e cabrito galegos que afectan directamente aos produtores de ovino-cabrún:

- " Importancia da clasificación de canais de ovino e cabrún. Utilización das presentacións e traballos autorizados das canais. Repercusións no comercio de carne de cordeiro e cabrito".

Análise dos diferentes aspectos que inflúen na clasificación de canais de ovino e cabrún segundo a normativa europea (Regulamento CEE 2137/92 e CEE 461/93):

- Categorización dos pesos en tres tramos.
- Calidades de cada categoría por color da carne e tipoloxía de cobertura graxa ou engraxamento.
- Diferenciación entre produción de canal lechal, ternal e recental.

- " O desafío do sector de ovino e cabrún ante a PAC 2015-2020":

Situación actual e perspectivas do sector en Galicia, dentro do ámbito nacional, europeo e mundial.

A diferenciación a partir da calidade da materia prima producida en Galicia como ferramenta de incremento no valor engadido das producións cárnicas.

Axudas dispoñibles na actual Política Agraria Común para as producións de ovino e cabrún:

- Axudas do 1º piar: pago base, pago verde e axudas acopladas á produción.
- Axudas do 2º piar: agroambiente-clima, razas autóctonas, e agricultura e gandería ecolóxica.

A temática abordada nesta poñencia é técnica, pero abrangue todos os aspectos da produción agraria e gandeira (produción agraria sustentable, mantemento de pastos e prados permanentes, condicionalidade, ordenación do espazo coa compra de dereitos de superficie, etc.....) así como requerimentos para a solicitude de axudas vencelladas ao PDR (axudas á incorporación de mozos á actividade agraria, plans de mellora nas explotacións, medidas agroambientais, razas autóctonas, agricultura ecolóxica, etc...).

Por último se abordarán as novidades máis importantes deste ano con respecto a tramitación de solicitudes anteriores: como son a apertura do prazo para a cesión de dereitos de pago base, condicións de permanencia no réxime de pequenos agricultores, e a implantación da nova axuda de desenvolvemento rural de ZLN (zonas con limitacións naturais que ven de substituír á antiga indemnización compensatoria, etc...).

## - " Os tres piares da cadea de venta: produción, comercialización e distribución":

Análise dos diferentes aspectos que inflúen na cadea de comercialización, dende a granxa ata o consumidor final. (sector produtivo, sector comercial e de distribución, e sector administrativo de xestión). Realizarase unha mesa redonda con poñentes de cada sector que expoñerán a súa situación actual e as súas experiencias para favorecer a interacción e comunicación cos asistentes. Entre outros temas aboradanrase:

- Idoneidade de traballar baixo rexímenes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios. Exemplo: marca de garantía Pastores de Galicia.
- Fomento do cooperativismo como método de redución na estacionalidade do produto nas vendas á distribución.
- Métodos de control na orixe e certificación para asegurar a trazabilidade do produto.
- Alternativas da distribución, dende a venta directa ao cliente final ata a comercialización a través de cooperativas.

A xornada conta coa colaboración de OVICA (e a súa marca de garantía para o cordeiro e cabrito galegos "Pastores de Galicia"), VÉLARO S. COOP. GALEGA e a ADS-G ACIVO.

## 8.- OBXECTIVOS

O obxectivo xeral da xornada é a transferencia de coñecementos teórico-prácticos a produtores de ovino e cabrún de Galicia, centrándose neste caso na orientación produtiva cárnica.

## 9.- METODOLOXÍA EMPREGADA NO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

### 9.1.- Localización

Concello de Chantada – Lugo.

### 9.2.- Planificación da actividade (no seu caso, programa). No caso de campos de demostración ou de campos de ensaio descrición de todas as fases. (xuntar croquis e deseño das parcelas)

9:00 h. INAUGURACIÓN DA XORNADA

D. Santiago Crecente Campo (Dr. Enxeñeiro Agrónomo responsable do INGACAL-CIAM Marco da Curra) e Dña. María do Carme Fernández Carreira. Presidenta de OVICA.

09:00 – 09:30 h. "Resultados dos proxectos e análise dos resultados de investigación no Marco da Curra". D. Santiago Crecente Campo.

09:30 – 12:30 h. POÑENCIA I:

- " Importancia da clasificación de canais de ovino e cabrún. Utilización das presentacións e traballos autorizados das canais. Repercusións no comercio de carne de cordeiro e cabrito".

Sr. Rufino J. Gil Guerra. Experto español no Comité da Unión Europea de Clasificación de canais e técnico do MAGRAMA en Madrid. (Ministerio de Agricultura e Medio Ambiente) e D. Carlos Alberto Rodríguez Rodríguez. Enxeñeiro Agrónomo de Ovica (Asociación de criadores de ovino e caprino de Galicia).

12:30 – 13:30 h. POÑENCIA II: "O desafío do sector de ovino e cabrún ante a PAC 2015-2020":

Dr. Manuel del Pozo Ramos. Director Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural na Comisión Europea e D. Carlos Alberto Rodríguez Rodríguez. Enxeñeiro Agrónomo de Ovica (Asociación de criadores de ovino e caprino de Galicia).

13:30 – 14:30 h. POÑENCIA III: " Novidades da PAC para a campaña 2017".

D. Fernando López López. Xefe de Servizo do FOGGA en Lugo. Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia.  
D. Orlando González Folgueira. Enxeñeiro Técnico Agrícola de Ovica.

16:00 – 18:00 h. POÑENCIA IV. Mesa Redonda: “Os tres piares da cadea de venta: produción, comercialización e distribución”:

- D. Rufino J. Gil Guerra. Experto español no Comité da Unión Europea de Clasificación de canais e técnico do MAGRAMA en Madrid.
  - D. Jose Manuel Iglesias. Presidente da Asociación Carballo Vivo que xestiona dun xeito cooperativo os montes veciñais de Carballo no Concello de Friol en Lugo.
  - D<sup>a</sup>. Ruth Rodríguez Ferreiros. Responsable do Departamento de Estudos Socioeconómicos en AGACA (Asociación Galega de Cooperativas Agrarias).
  - D. Luis Ceide. Productor de ovino e Presidente da Cooperativa Vélaro S. Coop. Galega.
  - D. Luis Penin. Responsable de vendas no sector cárnico do grupo Gadisa en Ourense.
- Moderador: D. Carlos Alberto Rodríguez Rodríguez. Enxeñeiro Agrónomo de Ovica (Asociación de criadores de ovino e caprino de Galicia).

18:00 – 20:00 h. VISITA A MATADEIRO PARA SESION PRACTICA DE CLASIFICACIÓN DE CANAIS DE CORDEIRO.

A Xornada irá acompañada dunha visita ao matadeiro máis próximo para facer unha exposición práctica en campo dos contidos teóricos da poñencia I. Estímase unha duración de 2 horas con 3 grupos de 20 persoas cada un aproximadamente. Ademais tamén se fará incidencia en:

- Tendencias de consumo da produción de cordeiro a nivel mundial, nacional e local.
- Guía de cortes de canais de cordeiro e despece.

### 9.3.- Persoal encargado do desenvolvemento da actividade

- 1 doutor enxeñeiro agrónomo - Santiago Crecente Campo (CIAM Ingagal).
- 1 enxeñeiro agrónomo - Carlos Alberto Rodríguez Rodríguez (OVICA).
- 1 enxeñeiro técnico agrícola – Orlando González Folgueira (OVICA).

### 9.4.- Persoas ou entidades a quen vai dirixido

Produtores de ovino-caprino en Galicia, rapaces e rapazas que desexan incorporarse á actividade gandeira e demandan información sobre a comercialización das súas futuras producións.

## 10.- PLAN E MEDIOS DE DIVULGACIÓN PREVISTOS

### Reunións:

Envío de comunicación por correo postal aos socios de Ovica, Vélaro S. Coop. Galega e ADS-G Acivo e as oficinas de Extensión Agraria (OACs) de toda Galicia, dado o ámbito de traballo das Asociacións implicadas na actividade formativa das Xornadas Técnicas.

**Visitas:** Comunicación en persoa aos socios nas visitas dos técnicos ás explotacións previas ás Xornadas.

### Publicacións:

Difusión mediática informativa das Xornadas Técnicas mediante carteis informativos e dípticos nos edificios administrativos (Universidade, Centros de Capacitación Agraria, Centros de Formación Profesional, etc...).

### Artigos de prensa:

Comunicación á prensa escrita (El Progreso, La Voz de Galicia) da realización das xornadas e dos resultados máis interesantes e aos diarios electrónicos (Campo Galego).

### Programas de TV e/ou Radio:

Comunicación aos medios de comunicación televisivos (TVG: O Agro e A Labranza), e radiofónicos (Radio Galega e Radio Voz).



## 11.- DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES

11.1.- Data de realización (aproximada): 8 de Abril de 2017

11.2.- Duración da actividade:

Horas teóricas: 7

Horas prácticas: 2 (visita a matadeiro)

11.3.- Iniciativas de cooperación (nome dos colaboradores):

- Explotacións:

- Empresas:

Vélaro Sociedade Cooperativa Galega.

- Entidades Asociativas:

OVICA (Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galicia), Agrupación de Defensa Sanitaria ADS-G Acivo.

11.4.- Lugar de desenvolvemento (marcar cunha X):

Zona desfavorecida

Zona de montaña

11.5.- Actividades dirixidas só a (poñer si ou non):

A xornada é aberta a todo/a aquel interesado na temática do ovino e cabrún en Galicia (desde xoves mozos/as que se desexan incorporar a actividade agraria ata gandeiros en activo que desexan mellorar as súas perspectivas produtivas. Por tanto calquera dos catro grupos que aparecen a continuación son susceptibles de poder asistir ás xornadas tendo en conta a temática abordada e os contidos formativos.

- Mozos/as agricultores (que non teñan cumpridos 41 anos) \_\_\_X\_\_\_

- Mulleres do medio rural (de máis de 41 anos) \_\_\_X\_\_\_

- Persoas que se incorporen ao sector primario maiores de 41 anos \_\_\_X\_\_\_

- Agricultor/a activo/a \_\_\_X\_\_\_